



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Expediente nº 505/2022

Procedemento: Selección de persoal laboral temporal – 1 Técnico de Información Turística

BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACION POR CONCURSO DE 1 TÉCNICO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA COMO PERSOAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é proveer 1 posto de traballo de **TÉCNICO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA** como persoal laboral temporal de duración determinada a tempo completo de acordo cas Bases e a convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022 (BOP n.º 230 do 27/11/2021) e ó amparo da liña 3. Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais.

A citada contratación presenta unha autonomía e sustantividade propia e é limitada no tempo, respondendo ás necesidades autónomas e non permanentes da produción, con autonomía e sustantividade propia dentro da actividade normal desta Administración.

A contratación será temporal cun contrato por obra ou servizo a tempo completo, ca xornada que se especifica, de acordo ca memoria aprobada e denominada:

“EMPREGO PARA A CONSERVACION E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVICIOS MUNICIPAIS: PROXECTO DE XESTIÓN E DESENVOLVEMENTO DE TAREFAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NA OFICINA DE TURISMO DO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA”

POSTO QUE SE CONVOCA

ADMINISTRACIÓN XERAL/CULTURA E TURISMO

Posto Xornada completa 37,5 h/semana (incluído fins de semana)	Categoría	Código ocupación	Titulación requirida
1 Técnico de Información Turística	Técnico	263001020	Diplomatura / Grao en Turismo, ou Ciclo Superior en Guía, Información e Asistencias Turísticas o Ciclo Superior en Comercialización Turística e Guía, ou Certificado de profesionalidade e promoción turística local e información ó visitante (Código HOTI0108)

SEGUNDA. TIPO DE CONTRATO E DURACION

O contrato será temporal, de obra ou servizo determindado a tempo completo. A duración do contrato extenderase durante seis meses.

TERCEIRA. RETRIBUCIÓN.S.

As retribucións serán as establecidas no Convenio colectivo laboral de ámbito estatal do sector de axencias de viaxes, aprobado por Resolución da Dirección Xeral de Traballo de data 29 de decembro de 2021.



Cod. Validación: AQXFPX8N6563W7XX22HYCYYC | Corrección: https://ailladearousa.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 9



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

ADMINISTRACIÓN XERAL/CULTURA E TURISMO

Categoría	Salario	Prorrata paga extra	Plus transporte	Total retribucións brutas mensuais
Técnico de Información Turística	1.001,39 €	333,79 €	115,69 €	1.450,87 €

CUARTA. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para ser admitidos ás probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do Real Decreto 543/2001, de 18 de maio, sobre acceso o emprego público da Administración Xeral do Estado e os seus Organismos públicos de nacionais doutros Estados ós que lles é de aplicación o dereito á libre circulación de traballadores (art. 2).
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos dezaséis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nen atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do personal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nen haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Atoparse incluídos nas listas remitidas pola Oficina de Emprego ó Concello de A Illa de Arousa e ser desempregado/a, inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.
- De acordo co disposto na Disposición Adicional 34ª da Lei 3/2017 de 27 de junio de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017 en relación co artigo 15.3 do Estatuto dos Traballadores, non poderán participar no proceso selectivo aqueles candidatos/as preseleccionados pala oficina de emprego que nos últimos 24 meses estiveran contratados polo Concello de A Illa de Arousa por un período superior a 18 meses.
- Estar en posesión de algunha das seguintes titulacións:
 - Diplomatura / Grao en Turismo
 - Ciclo Superior en Guía, Información e Asistencias Turísticas o Ciclo Superior en Comercialización Turística e Guía
 - Certificado de profesionalidade e promoción turística local e información ao visitante (Código HOTI0108).

Estes requisitos deberán cumprirse no momento da presentación das solicitudes e mantelas ata o momento da formalización do contrato.

De acordo co establecido na Base 8.3 do Plan Concellos da Deputación Provincial liña 3. Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, publicadas no Boletín Oficial daráselles preferencia por esta orde ás persoas dos seguintes grupos;





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

- Vítimas de violencia de xénero
- Persoas candidatas maiores de 45 anos e aquelas que acrediten unha discapacidade superior ao 33 %
- Persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillas ou fillos ao seu cargo
- Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa
- Persoas candidatas con cargas familiares

QUINTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Os participantes na proba selectiva serán os remitidos no listado da Oficina de Emprego, tal e como recolle a base 8ª das Bases e convocatoria do Plan Concellos 2022 dentro da liña 3 Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais unha vez que o Concello presente a correspondente oferta de emprego.

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo estenderanse no impreso normalizado de solicitude que se adxunta como Anexo I e declaración xurada (Anexo II) e dirixiranse ó Sr. Alcalde, podéndose presentar no Rexistro Xeral do Concello (R/ Palmeira n.º 25 - CP 36626), vía electrónica a través do Rexistro electrónico da entidade (<https://ailladearousa.sedelectronica.es>) ou en calquera dos lugares establecidos no artigo en 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo que se estableza na citación que reciba por parte da Oficina de Emprego, e na publicación do correspondente anuncio que se publicará na páxina web do Concello (www.ailladearousa.es).

Así mesmo as presentes bases publicaranse na páxina web do Concello (www.ailladearousa.es).

Os aspirantes poderán alegar a avaliación dos méritos cuxa acreditación non dispoñan no momento de presentación da solicitude.

En todo caso poderán achegalos ó Tribunal Cualificador ata o día anterior da data da sesión de avaliación de méritos.

Os méritos que non se aporten ou aleguen ca solicitude de participación ou non se acrediten ata o día anterior da data da sesión de avaliación non se terán en conta polo Tribunal Cualificador.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes e de documentación xustificativa de méritos a Presidencia ditará resolución, que se deberá publicar no taboleiro de anuncios do Concello, publicando a lista provisional de admitidos e excluídos e indicando a designación nominal do Tribunal Cualificador e a data para a avaliación dos méritos do concurso, sinalando un prazo dun día hábil para emendar o defecto que motivase a súa exclusión ou omisión.

No caso de se producir reclamacións deberase dictar nova resolución estimándoas ou desestimándoas ca publicación definitiva de admitidos e excluídos no Taboleiro de Edictos do Concello.

Os aspirantes que no prazo sinalado non enmenden a exclusión ou non aleguen a omisión serán definitivamente excluídos da participación das probas.

De non presentarse reclamación ningunha, ou se a documentación presentada por todos os aspirantes cumpre cos requisitos establecidos nas bases, a lista provisional elevarase a definitiva de forma automática.

A incomparecencia dos candidatos no proceso selectivo ben mediante a súa renuncia expresa ou mediante a non presentación da solicitude de participación será notificado á correspondente Oficina de Emprego.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

O Tribunal cualificador conformarase de acordo co artigo 60.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 59.2 da Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia.

A presidencia poderá dispoñer a incorporación ós traballos do Tribunal de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros do tribunal deberanse abster de intervir comunicándoo ó Sr. Presidente cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015 do 1 de outubro.

O tribunal cualificador non poderá actuar ou se constituír sen a asistencia, como mínimo, de máis da metade dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do presidente e do secretario, actuando con suxeción ás bases da convocatoria e quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na interpretación das mesmas.

Contra os acordos do tribunal poderase interpoñer recurso administrativo ante o Sr. Presidente conforme ó previsto no artigo 121 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

SÉTIMA. SELECCIÓN

O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso de méritos de acordo cos seguintes criterios de selección:

a) Titulación: Ata un máximo de 2,25 puntos.

- Diplomados en Turismo ou Graduados en Turismo: 2,25 puntos.
- Técnicos Superiores de Información e Comercialización Turística ou Técnicos Superiores de Guía e Asistencia Turística: 1,00 puntos

Só se puntuará a Titulación máis alta.

b) Cursos de formación: Ata un máximo de 3,50 puntos

Cursos de formación ou especialización recibidos e directamente relacionados co posto a seleccionar, convocados ou avalados por unha entidade pública. A razón de:

- De 10 a 50 horas: 0,1 pto.
- De 51 a 100 horas: 0,2 pto.
- De 101 de 300 horas: 0,3 pto.
- A partir de 301 horas: 0,5 pto.

No caso de ter unha duración inferior a 10 horas ou non especificar as horas de duración non se avaliará o curso alegado.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

A asistencia a cursos de formación acreditarase mediante a aportación de copia do diploma do curso na que se especifique o seu contido e o número de horas de duración.

c) Cursos de idiomas: Ata un máximo de 4,25 puntos.

c.1) No caso de que os cursos de idiomas sexan dunha Escola Oficial, serán computables un máximo de tres idiomas, a razón de un máximo de 1,25 puntos cada idioma (máximo 3,75 puntos) e o baremo será o seguinte:

- Nivel básico (2 anos): 0,75 puntos
- Nivel medio (4 anos): 1,00 punto
- Nivel avanzado (6 anos): 1,25 puntos

- Curso elemental (3 anos): 1,00 punto
- Curso superior (5 anos): 1,25 puntos

c.2) Outros cursos de idiomas (máximo de 0,50 puntos).

- De 10 a 50 horas: 0,1 pto.
- De 51 a 100 horas: 0,2 pts.
- De 101 de 300 horas: 0,3 pts.
- A partir de 301 horas: 0,5 pts.

d) Criterios Sociais: Ata un máximo de 6,00 puntos

Vítimas de violencia de xénero: 1,50 puntos

Persoas candidatas maiores de 45 anos ou que acrediten unha discapacidade superior ó 33 %: 1,25 puntos

Persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillos ó seu cargo: 1,25 puntos

Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa: Ata 1,00 punto

Capacidade económica	Puntuación
319,33 € (< 0,60 IPREM)	1,00
319,34 €-585,76 € (> de 0,60 e < ou igual a 1,10 IPREM)	0,80
585,77-852,02 € (> de 1,10 e < ou igual a 1,60 IPREM)	0,50
852,03 €-1.065,02 € (> de 1,60 e < ou igual a 2,00 IPREM)	0,20
>1.065,03 € (>2,00 IPREM)	0,00

Persoas candidatas con cargas familiares: 0,20 puntos por cada persoa ao seu cargo (Ata 1,00 punto)

Computaranse a estes efectos as persoas que non perciban ningún tipo de ingresos: o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinteseis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as.

As circunstancias persoais acreditaranse:

a) Copia do libro de familia e declaración xurada de cargas familiares (Anexo II).





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

- b) Declaración de ingresos obtidos polo/a aspirante e a súa unidade familiar no mes de febreiro de 2022 segundo Anexo II.
- c) Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero ou da discapacidade superior ao 33 %
- d) Acreditación da condición de familia monoparental.

Salvo oposición expresa do interesado, o Concello poderá comprobar a acreditación de tales circunstancias de acordo coa documentación elaborada e obrante na Administración (artigo 28.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro).

Puntuación máxima do proceso selectivo: 16,00 puntos.

No caso de empate entre aspirantes terán preferencia (por esta orde), as vítimas de violencia de xénero; os candidatos maiores de 45 anos ou que acrediten unha discapacidade superior ó 33 %; os candidatos que formen unha familia monoparental con fillos ao seu cargo; os candidatos con niveis de renda máis baixa ou candidatos con maior número de cargas familiares.

De persistir, os candidatos con maior puntuación en cursos de formación sen ter en conta o límite establecido (3,50 puntos).

En caso de non resolverse o empate de acordo cos criterios anteriores poderá celebrarse unha entrevista curricular ós aspirantes empatados que versará sobre a experiencia profesional, dispoñibilidade horaria e a adaptación ó posto ofertado, puntuándose ata un máximo de 1,00 punto.

Os aspirantes deberán ser convocados para a realización da entrevista mediante a correspondente publicación no Taboleiro de Edictos do Concello cunha antelación mínima de vinte e catro horas á súa celebración.

OITAVA. CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

Unha vez que o tribunal valore os méritos alegados publicará a relación dos aprobados pola orde da puntuación obtida no taboleiro de edictos da Casa do Concello, e formulará unha proposta para ocupar a praza a favor do aspirante con maior puntuación coincidente co número de postos ofertados ó obxecto de que a Alcaldía proceda á aprobación da proposta formulada e á posterior contratación.

O tribunal, en ningún caso, poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas convocadas no proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

NOVENA. APORTACIÓN DE DOCUMENTOS POLOS ASPIRANTES APROBADOS

A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios da casa do Concello, terá unha advertencia recordando ó aspirante proposto que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada dentro do prazo dos dous días naturais seguintes á súa publicación.

O aspirante proposto deberá aportar antes da formalización do contrato os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

- 1) Documento Nacional de Identidade
- 2) Tarxeta da Seguridade Social





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

- 3) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e de non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente
- 4) Titulación da categoría correspondente.

O Concello de A Illa de Arousa, previamente á contratación, realizará as accións necesarias para comprobar e acreditar que o candidato aprobado está desempregado inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e que estea dispoñible para o emprego.

No caso de que o aspirante proposto renunciase ó posto de traballo, non aporte a documentación requirida ou ben non cumpla cos requisitos para o acceso ó posto convocado indicado, poderase formular nova proposta a favor dos que lle sigan na orde de puntuación que quedarán en lista de espera a estes efectos.

No caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización o Concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante, sen que en ningún caso a duración total do contrato inicial e do substituto poida exceder do 30 de setembro de 2022.

DÉCIMA. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais desta convocatoria vinculan a administración municipal, ó tribunal cualificador e ós aspirantes que participen no proceso selectivo da convocatoria.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

ANEXO I MODELO DE INSTANCIA

D....., veciño/a
de con domicilio
en DNI
nº, con data de nacemento..... teléfono de contacto
nº, correo electrónico

Interesado no concurso convocado para cubrir un posto de _____, mediante contratación de duración determinada a tempo completo, polo Concello de A Illa de Arousa, ante o Sr. Alcalde comparece e,

EXPÓN:

1. Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rexen a convocatoria.
2. Que se compromete a aportar no seu día os documentos acreditativos de reunir as condicións establecidas na base novena.

E por todo isto,

SOLICITA:

Ser admitido ó concurso de méritos convocado para cubrir mediante contrato laboral de duración determinada a tempo completo o posto de _____ convocado polo Concello de A Illa de Arousa.

Pola presente autorizo ó Concello de A Illa de Arousa para obter os datos necesarios que acrediten os méritos alegados no procedemento ó abeiro do artigo 28.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

A Illa de Arousa, a _____ de MARZO de 2022.

O/a Interesado/a





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

ANEXO II DECLARACIÓN XURADA

Nome e apelidos: _____ DNI: _____
Enderezo: _____
Teléfono: _____

DECLARO (Marcar cun "X"):

1.- Que son vítima de violencia xénero :

- SI (Necesaria acreditación)
 NON

2.- Que teño unha discapacidade superior ao 33 %:

- SI (Necesaria acreditación)
 NON

3.- Que son familia monoparental:

- SI
 NON

4.- Que de acordo co especificado nas Bases, no mes de FEBREIRO de 2022, percibín os seguintes ingresos mensuais _____ euros:

5.- Ter ó meu cargo as seguintes persoas (Necesaria acreditación):

Nome e apelidos	Parentesco	Idade	Ingresos	Discapacidade

A Illa de Arousa, a _____ de MARZO de 2022.

O/a Interesado/a

